


Bertrand Russell (Gales, 1872-1970)



Filósofo, matemático, lóxico e escritor británico, gañador do Premio Nobel de Literatura en 1950.

Aos 11 anos comezou o estudo da Xeometría euclidiana e tivo a seu irmán como profesor.

En 1890, ingresou no Trinity College, de Cambridge, para estudar Matemáticas. O seu examinador foi A. N. Whitehead, quen posteriormente colaboraría con el no *Principia Mathematica*, en 1900.

Foi un coñecido pacifista durante a primeira guerra mundial, feito que o levou ao cárcere durante seis meses por publicar artigos e panfletos. Durante esta estadía no cárcere redactou a súa *Introdución á Filosofía matemática*, en 1919.

Tivo unha grande influencia na Lóxica Matemática moderna.

Tras a segunda guerra mundial, dedícase plenamente á tarefa de evitar a guerra nuclear e asegurar a paz mediante unha adecuada organización internacional. Inicia unha etapa de activismo político que provocaría a súa segunda estadía no cárcere aos 90 anos.

Despois da súa morte, o Trinity College, que foi o seu segundo fogar, rendeu-lle unha homenaxe.